



# Anos de peste na bisbarra da Estrada

## A gripe de 1918

J.M. Bértolo Ballesteros  
joberba4@hotmail.com

**Resumo.** Sempre houbo pestes recorrentes. Entre os anos 1567 e 1570 houbo unha peste bubónica que afectou as cidades e pobos en rutas de tráfico, como a cidade de Pontevedra, e da que nos dá conta Álvaro Suárez Sarmiento, dono da casa-torre de Guimarei. Álvaro tivo un preito en 1596 acusado de desatender a administración dos bens duns nenos dos que fora nomeado curador. El xustificábase dicindo que as casas que tiñan en Pontevedra se deterioraran porque os seus moradores morreran a causa da peste e a xente non quería ocupalas porque temía *infisionarse*.

**Abstract.** There have always been recurrent plagues. Between 1567 and 1570 there was a bubonic plague which affected cities and towns located in road traffic routes. Álvaro Suárez Sarmiento, owner of the Guimarei tower house, tell us about the plague in the city of Pontevedra. Álvaro was involved in a legal dispute in 1596 and he was charged with neglecting the property management of some children of whom he had been appointed guardian. He justified himself by saying that the houses they had in Pontevedra had been deteriorated because the tenants had died of the plague and nobody wanted to move in because they were afraid of becoming infected.

O ano 1597 foi un ano de fame ao que seguiu un ano de peste que entrou, entre outras, na cidade de Santiago. Moita xente de Compostela, sobre todo a de boa posición, refuxiouse nas aldeas próximas esperando que pasase o andazo. Así, por exemplo, Marcos Bermúdez de Castro, da Casa grande dos Bermúdez de Castro en San Paio de Figueroa, pasou a vivir ao lugar do Sisto en Lagartóns *por ser un sitio máis fresco* e alí estivo ata o ano 1611-12 en que pasou a San Paio, pois tralas partillas dos bens dos seus pais, quedou coa casa familiar de San Paio de Figueroa. Con esta peste intensificouse a devoción a san Roque, de aí que en xuño de 1600 foron convocadas as cidades e vilas con voto en Cortes para tramitar a canonización de san Roque e custeala. Esa devoción levou a maioría das igrexas a teren imaxes súas.

Tamén sabemos que no ano 1856 houbo na comarca da Estrada unha peste de febres tifoideas. O 26 de xuño de 1856 a Manuel Gó-



Crese que a gripe de 1918 chegou a través dos soldados norteamericanos que se desprazaron a Francia durante a Primeira Guerra Mundial. Calcúlase que en España se infectaron uns oito millóns de persoas e causou unhas 300.000 mortes. Para facerse unha idea e segundo o Boletín de Estatística do Instituto Xeográfico e Estatístico, en España no ano 1918 houbo 44.120 falecidos en agosto, 53.079 en setembro e 163.308 en outubro.

mez de Castro do pazo de Xerlís derrubóuselle una casiña que tiña no monte Lodoso, preto dos lugares de Tosar e de Cepetelo. Malia aseguraren os peritos que a casa caera por estar en malas condicións de conservación, el botoulle a culpa aos habitantes destes dous lugares, dicindo que a destruíran por vinganza –tiveron que pagarlle o arranxo dunha granxa da súa propiedade uns meses antes– ou porque se correra a voz de que esa casa se ía a dedicar a lazareto, debido á peste de febres tifoideas que había nese momento na comarca.

## A gripe de 1918

Unha peste que afectou non só o concello da Estrada, senón tamén todo o mundo, foi a pandemia da chamada *gripe española* ou gripe de 1918. En Europa causou a morte de máis de 50 millóns de persoas, ao longo de case tres anos, afectando pouco a persoas maiores, pero causando unha importante mortalidade na franxa de poboación entre os 20 e os 40 anos:

El médico inspector de la Prefectura calcula el número de atacados de la gripe en París en medio millón desde el primero de setiembre hasta el veinte de octubre y cree que han muerto en ese espacio de tiempo personas 1700.

En Pontevedra o seu gobernador civil en setembro de 1918 cursou a orde de pedir na fronteira con Portugal un certificado sanitario no que constara o lugar de procedencia do portador, ademais de prohibir «la celebración de toda clase de fiestas, espectáculos, reuniónes y aglomeraciones públicas...», feiras e mercados.

A gripe era coñecida de maneira coloquial baixo nomes tan diversos como *trancazo*, *catarro ruso* ou *soldado de Nápoles*, e non existía vacina ou remedio efectivo para loitar contra ela, agás observar certos cuidados para evitar o contaxio.

Sucedíanse as noticias e a comunidade médica debatía na prensa o tipo de remedio a aplicar. O profesor Saccone do Hospital da Mariña de Taranto (Italia) afirmaba ter descuberto o bacilo da *gripe española* ao que os seus homólogos responderon con ironía:

Eso de aislar desde una pequeña ciudad de Mediodía de Italia al microbio de la enfermedad epidémica que tres meses antes atacó España es algo excesivamente pretencioso.

O prestixioso Instituto Pasteur de París tamén anunciaba un soro para combater a gripe probado, segundo eles, con resultados excelentes.

Na prensa apareceron novos produtos contra esta gripe certamente sorprendentes. Por exemplo, o uso de tintura de iodo recomendado polo médico Sobrino Álvarez que, administrado en doses

«Yo creo honradamente que al eliminaras por la mucosa del árbol respiratorio, destruye el germen productor de la gripe».

«Su administración es muy sencilla y yo recomiendo la siguiente fórmula, especie de elixir que se puede adquirir en cualquier farmacia:

Crocotá de broca de haya, 8 gramos.

Alcohol de vino, 100 idem.

Járase de azúcar, 100.

Disolvase y añádase vino blanco o jerez 300 gramos.

«Los adultos y jóvenes tomarán una cucharada grande en dos de agua común después del desayuno y de la cena y los niños una cucharadita en dos de agua azucarada, a las mismas horas».

**Necesario en las E**

**STAFILOL** DEL Dr. Alcobilla.

FORUNCULOSIS  
ECZEMAS • ANTRAX  
GRIPE • GORIZA • ACNÉ  
SEBORREICO • OTITIS  
DIABETES • URTICARIA  
etc., etc.

• • En TODAS las buenas Farmacias.

¡QUE ES LO QUE NECESITAN  
los DEBILITADOS, los FATIGADOS  
aquellos que con el catarro de la GRIPE y las PRODUCCIONES  
de ANTISEPTICO y un RECONSTITUYENTE  
Para todos tales, nada como la

**SOLUCION PAUL BOUVERIE**

que en forma apropiada, reduce el catarró y el resquebrajamiento más  
periculosos, la GRIPE y el Catarró de la Garganta de los Niños.  
Combate el catarro sobrando como los CATARROS, las  
BRONQUITIS crónicas, la GRIPE y el RESQUEBRAJAMIENTO y la  
SCROFULA. Aumenta el apetito y el Sueño, agota  
las enfermedades y previene la

**TUBERCULOSIS**

PREPARADO EN LA FARMACIA BOUVERIE, PARÍS, 11, RUE CAUMONT

de 15 gotas diluídas nun vaso de leite despois de cada comida, «desinfecta el estómago e intestinos y evita la formación de produtos sépticos y la proliferación de las bacterias», na crenza que quen seguira o tratamento perdía a capacidade de contaxio.

As recomendacións do prestixioso médico pontevedrés Celestino López de Castro eran manter unha boa hixiene, cos primeiros síntomas gardar cama, friccións con vinagre aromático, e *arreciando la molestia* chamar sempre ao médico e non combater a gripe con *Zotal*<sup>1</sup>.

Nalgúns concellos concedéronse algunhas axudas a veciños en situacións dramáticas, así o concello de Pontevedra en 1919 concedeu unha «subvención de 200 pesetas a una familia de Lérez que durante la epidemia de gripe perdió a cinco de sus miembros y se encontraba necesitada de recursos».

## A gripe de 1918 no concello da Estrada

No *Diario de Pontevedra* do 15 de outubro de 1918 dicíase que estaba

llamando la atención entre los médicos de España y especialmente entre los de Galicia, que en las villas de La Estrada y Cuntis no se haya dado ni un solo caso, hasta la fecha, de la enfermedad reinante, recordándose con tal motivo que ya en la epidemia anterior quedaron esos dos pueblos libres de la invasión

mentres que noutros lugares como en Vilagarcía atacaba sobre todo aos nenos.

Pero mellor era que estivese calado. Primeiramente porque non era certo, xa que o día 14 xa morreran dúas persoas, un mozo de 21 anos na vila da Estrada e un neno dun ano na parroquia de Ribeira. E dous días despois morreu Ramón Otero García, fillo de Gumersindo Otero e Dolores García Espinosa, donos da casa da Mota. Ramón nacera o 3 de xaneiro de 1890, era médico de profesión e estaba casado con Carmen Calderón Fernández, natural de Santiago de Compostela, sobriña dos condes de San Juan e dos marqueses de Riestra. Tamén morreu pouco despois o seu parente Santiago Riestra Calderón de 30 anos, mentres estaba con seus pais, os marqueses de Riestra, en Madrid.

1 O *Zotal* era un produto que se usaba para desinfectar as cortes das vacas e demais animais.

Pero será desde o 22 de outubro ata o 15 de novembro de 1918 cando máis afectou a gripe no concello da Estrada. Aínda que houbo algún caso de gripe no ano seguinte, se analizamos a mortalidade da gripe entre o 14 de outubro e 31 de decembro de 1918, vemos que:

1. A causa da morte por gripe rexístrase no Rexistro Civil de diversos xeitos, pero está claro que afectaba sobre todo ás vías respiratorias. Aparece designada como: *gripe*, *grippe*, *bronco-neumonía gripal*, *fiebre gripal*, *toxemia gripal*, *infección gripal*, *gripe epidémica*, *neumonía gripal*, *meningitis gripal*, *encefalitis gripal*, *pulmonía gripal*, *traqueo-bronquitis gripal* e *trancozo gripal*.
2. Houbo nese período de dous meses e medio un total de 193 mortos, dos que 69 eran varóns e 124 mulleres. O dato nolo confirma tamén o número total de mortos dese ano, se o comparamos co número de defuncións co ano precedente e o posterior.

Concello da Estrada	Defuncións
1917	432
<b>1918</b>	<b>655</b>
1919	448

É dicir, en 1918 houbo un incremento de 223 defuncións sobre o ano anterior e de 207 sobre o ano seguinte.

3. Se consideramos que en 1918 houbo uns 200 mortos de gripe e tendo en conta as estatísticas oficiais da provincia de Pontevedra, o número de infectados no concello da Estrada sería duns 3.500 sobre un censo aproximado de 27.500 habitantes.
4. O número de vítimas entre o 14 de outubro e o 30 de decembro de 1918 considerado por idade:

Menores de 2 anos	20
<b>De 2 a 10 anos</b>	<b>35</b>
<b>De 11 a 20 anos</b>	<b>32</b>
<b>De 21 a 30 anos</b>	<b>35</b>
<b>De 31 a 40 anos</b>	<b>33</b>
De 41 a 50 anos	17
De 51 a 60 anos	7
De 61 a 70 anos	11
De máis de 70 anos	3

5. As parroquias máis afectadas foron Tabeirós e Aguións.
6. As únicas parroquias que non tiveron mortos nesas datas foron as de San Miguel de Castro, Lagartóns, Olives, Pardemarán, Toedo e Santo André de Veá.

E nos concellos veciños debeu ser algo parecido; así por exemplo, só na veciña parroquia de Santa María Madalena de Montes en 18 días morreron 26 persoas (*El Ideal Gallego*, 11/11/1918).

Porén a gripe atacou nuns pobos antes que noutros. O *Diario de Pontevedra* do 10 de outubro, é dicir, antes de que comezara a pandemia na Estrada, comunica que «en Rianxo pasan de 600 los atacados y estos días hay de seis a ocho defunciones diarias. En Santa Eugenia, de nueve personas de una familia murieron en un solo día la madre y tres hijos». E no Carballiño estaban morrendo entre dez e doce persoas diarias.

No resto de España sucedía o mesmo, é dicir, mentres nuns pobos xa empezaba a remitir a pandemia, noutros aínda estaban en fase aguda. A 29 de outubro de 1918 *El Ideal Gallego* informaba que «en Benavente se ha extinguido la epidemia, autorizándose la apertura de las escuelas» e ao mesmo tempo dicía que en Barcelona houbera 216 falecidos no día anterior.

A principios de novembro en moitos concellos da provincia de Pontevedra a gripe estaba remitindo, por iso o gobernador civil o 12 de novembro autorizou a celebración de feiras e mercados en toda a provincia. E o 7 de decembro, considerando que xa pasara a epidemia, deuse orde de abrir os centros de ensino a nivel de provincia, se ben na maioría dos lugares non se abriron ata o próximo 7 de xaneiro.

No concello da Estrada, onde a gripe afectou máis tarde, remitiu tamén máis tarde, polo que seguía a morrer xente, pero menos. E así o 11, 12 e 16 de decembro finaron catro persoas cada día, ata un total de 29 persoas ao longo do mes de decembro, sendo a última vítima José Álvarez Bascuas, de 40 anos e veciño de Curantes, que finou o 26 de decembro por gripe.